



Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 10515I17AK	
Código de verificación  0B0B 3S65 1N1X 1Q0O 0EQ6	Expediente 105/2021/7023	
	Fecha 02-01-2022	

### ASUNTO: APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE RENDA SOCIAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2022

A Ordenanza municipal reguladora da Renda Social Municipal, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 162 do 26/08/2016 establece no seu artigo 20.3 que: "3. *En cada exercicio económico, o Concello publicará na súa sede electrónica a apertura do prazo para a presentación de solicitudes, que permanecerá aberto durante todos os meses do ano, salvo resolución do órgano municipal competente.*"

En cumprimento do previsto na ordenanza co inicio do exercicio 2022 deberá publicarse no taboleiro de anuncios municipal a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a obtención da prestación económica da renda social municipal, debendo permanecer este prazo aberto dende a súa publicación e ata o último día do exercicio 2022.

Tendo en conta o anterior,

#### SOLICÍTASE:

Que se publique no taboleiro de anuncios e edictos electrónico do Concello da Coruña o anuncio que se achega no expediente co código seguro de verificación 505H1Q5N341W125L07VD que deberá permanecer exposto dende o momento do seu envío ó taboleiro de edictos ate o 31 de decembro de 2022.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

A Xefa do Servizo de Acción Social.

Conforme,  
A Directora da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación.